

Melloras salariais, laborais e sociais nos Centros de Menores: Convenio Galego

Os/as traballadores/as abaixo asinantes, dos **Centros de Reforma Xuvenil e Protección de Menores de Galiza**, diante das involucións e falta de máis recursos por parte da Consellaría de Política Social a este tipo de centros de atención a menores e ao deterioro das condicións salariais, laborais e sociais nos últimos convenios de ámbito estatal, aproban trasladar as seguintes demandas:

- Exiximos que a **Xunta de Galiza asuma na súa totalidade a xestión dos servizos destes centros como centros públicos para todos os efectos** así como o mantemento dos postos de traballo do persoal actual.
- Mentres isto non se leve a cabo, **demandamos o incremento das partidas orzamentarias para o sector e que os centros reciban as subvencións necesarias para prestar o servizo cun mínimo de calidade, mellorar a situación dos usuarios e usuarias e as condicións de traballo do persoal: dereitos salariais, laborais e sociais.** Así mesmo, que a Administración galega poña en marcha os mecanismos necesarios para facer seguimento das subvencións recibidas por este tipo de centros.
- **Denunciamos as condicións precarias que sofren os traballadores e traballadoras dos centros galegos afectados polo IV Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores**, e que a nosa administración toma como referencia de cara aos pregos de licitación destes servizos (dándose situacións de perdas de poder adquisitivo de dous díxitos e incluso de conxelacións salariais e de dereitos de até case 10 anos). Esta precariedade laboral conduce a un deterioro da calidade dun servizo que debería procurar a mellora dos seus recursos materiais e humanos, en vez de centrarse en criterios economicistas e mercantílistas. **Exiximos modificar e actualizar o decreto 329/2005, para axustar as rateos ás necesidades reais dos servizos.**
- **Rexeitamos o actual convenio estatal, xa que as súas condicións impiden que os traballadores e traballadoras poidan realizar o seu labor dun xeito digno.** Consideramos que non se están a ter en conta as características específicas destes centros na Galiza nin, consecuentemente, as condicións laborais propias dos traballadores/as galegas que ven así limitada a súa capacidade de influír no proceso negociador.
- Dado que as competencias sobre as subvencións coas que se financian estes centros están transferidas á Xunta de Galiza, **demandamos da Consellería de Política Social a súa implicación e colaboración para o inicio dunhas negociacións nas que participen as patronais do sector** (maioritariamente asociacións e fundacións sen ánimo de lucro) e **as organizacións sindicais**, en función da súa representatividade, **que nos permitan acadar un convenio galego digno para o sector** (como xa teñen noutras CCAA como Valencia, Navarra,...), que mellore substancialmente as condicións laborais, sociais e salariais recollidas no convenio estatal e por conseguinte o financiamento destes centros.
- Estamos **dispostos e dispostas a iniciar un proceso de mobilizacións** para exixirmos o cumprimento destas demandas.

CENTRO DE TRABALLO: **LOCALIDADE:**

NOME E APELIDOS	D.I.	SINATURA

